

“¿Que importan as técnicas do gravado? As técnicas vainas inventando o artista mesmo... Para un cerebro e un corazón de artista abonda a man, a materia e o seu desexo”

Luís Seoane

“Toda augaforte é un cadro orixinal”

Teophile Gautier (s. XIX)


“O pobo galego ten, antre outros dereitos, o de acceder ó arte, polo tanto xurde A Estampa Popular Galega cos anxeios e fins de substituír a dualidade “pintor-espeutador” pola de “pintor-pobo”, espallar o grabado na xente e refrexar nil os seus doores e ledicias, integrando ó pintor no vivo latexar do país”

Manifesto da Estampa Popular Galega (1968)


Máis información:



e no sitio web: www.museolugo.org
Tel.: 982 242 112




xuño
xullo
2014



- MÁXIMO RAMOS
- CASTELAO
- COLMEIRO
- MANUEL TORRES
- ARTURO SOUTO
- CRISTINO MALLO
- LAXEIRO
- LUÍS SEOANE
- MARUJA MALLO
- EUGENIO GRANELL
- MARIO GRANELL
- PREGO DE OLIVER
- LAGO RIVERA
- LEOPOLDO NÓVOA
- DÍAZ PARDO
- CONDE CORBAL
- VIRXILIO
- MERCEDES RUIBAL
- POUSA
- LODEIRO
- RAIMUNDO PATIÑO
- DATAS
- XAIME QUESSADA
- SUCASAS
- SEVILLANO
- DE DIOS
- BAIXERAS
- CARLOS ALCOLEA

PRIMEIRA PLANTA

24-25-26-27
ARTE GALEGA:
DEBUXO E GRAVADO



Raimundo Patiño (1936-1985)

ARTE DA ESTAMPA

No dicionario da Real Academia Galega, o **gravado** defínese como o debuxo ou figura obtidos por calquera dos procedementos para gravar e tamén como a reprodución, impresa en papel, dunha destas figuras ou debuxos que foron previamente gravados para este fin nunha prancha de metal ou doutro material. Esta palabra é aplicada, na linguaxe habitual, tanto para o procedemento utilizado (acción e arte de gravar) coma para o resultado (estampa) que, en xeral, pode denominarse, así mesmo, obra gráfica orixinal.



Isaac Díaz Pardo (1920-2012)

O gravado considérase unha obra de arte múltiple, unha linguaxe plástica, unha forma de expresión artística moi utilizada en toda a historia da arte que na actualidade configura unha disciplina autónoma con moitos seguidores no eido da creación contemporánea, pero que tamén tivo en tempos unha consideración inferior baseándose na súa vinculación cun oficio concreto ou cun xeito de elaboración artesanal que non identificaba o estampador co artista. Hoxe, ademais, engádeselle a súa contribución na historia da arte grazas a ese rol inicial que tivo como reprodución doutras obras de arte e despois como promotor da “democratización da arte” por tratarse dun “orixinal múltiple”.

O gravado é unha linguaxe universal utilizada ao longo do tempo por distintas culturas pola súa riqueza expresiva. Ten unha gran variedade de resultados en función das diversas técnicas de estampado e da proposta comunicativa do artista en cuestión, pero tamén os materiais utilizados varían enormemente os efectos buscados e fai desta disciplina unha constante busca de novas posibilidades cun carácter netamente empírico que dá lugar a un gran traballo de investigación e grandes posibilidades creativas. A diversidade/complexidade de técnicas, formas, materiais ou instrumentos e incluso o uso dun vocabulario específico para todo o procedemento e os medios usados, xunto con esa constante innovación froito da devandita experimentación e da innovación técnica, fai que o gravado *in illo tempore* non fora tan recoñecido e quizais apreciado.

O seu éxito actual tamén se debe a que son obras orixinais pero seriadas e, polo tanto, máis alcanzables para o público; as súas múltiples variantes (litografía, augaforte, serigrafía, etc.), modalidades de soportes e materiais, accesibilidade, combinación de distintos elementos ou técnicas, etc. fano máis atractivo

porque esa diversidade abrangue distintos gustos ou estilos e, por suposto, tamén é un xeito inicial de achegarse ao coleccionismo de arte.

A historia do gravado na península Ibérica iniciase dentro da Europa do século XV (data máis antiga das estampas conservadas). A partir do século XIX, aparecerán numerosas formas de estampado co que *strictu sensu* non se pode falar xa só de gravados senón de estampas, pero na práctica seguimos a utilizar o primeiro termo

de forma xenérica para os distintos sistemas utilizados. Aparece a litografía como nova técnica de gravado, pero a xilografía e o gravado calcográfico (técnica da augaforte) seguen desenvolvéndose. No século XX, as técnicas de reprodución fotomecánica triúnfan, tamén, na arte: Picasso foi un extraordinario gravador, tamén Miró, Dalí e logo Tapes, Saura, Chillida... Despois da II Guerra Mundial, a obra sobre papel consolídase plenamente coa litografía e a serigrafía. Nos anos sesenta, o Pop-art revoluciona as artes gráficas¹ e a experimentación de novos procedementos de reprodución continúa ata hoxe dende aquela revolución do século XV.

Na arte galega contemporánea o gravado ten, na primeira metade do século XX, por unha banda un continuísmo decimonónico na temática da paisaxe e o costumismo realista, xunto con herdanzas da xeración do 98, e, por outra, un achegamento ás novidades das vangardas; pero hai tamén un desexo de fomentar a dignificación da estampa sendo apreciada, xa daquela, a obra de artistas sobranceiros como Castro Gil, Prieto Nespereira, Mayer Méndez ou Máximo Ramos; pero foi Castelao quen, en palabras de B. Castelo Álvarez, “convulsiona o mundo da estampa galega ao introducir, en torno a 1921, o linogravado como continuación e revisión da tradicional xilografía”. Coa paréntese da guerra civil e a inmediata crise da posguerra, que interrompeu unha incipiente renovación técnica e formal, volvendo a esquemas tradicionalistas, o seguinte fito importante para esta disciplina é a creación, na década dos sesenta, do movemento “Estampa Popular Galega”², con Reimundo Patiño de

¹ Como tamén inflúe a importancia que artistas de gran sona internacional como Picasso ou Miró lle dedican na súa produción á obra gráfica.

² Dentro da entidade “Estampa Popular” que tiña agrupacións en Madrid, Andalucía, Biscaia, Valencia e Cataluña, ademais de Galicia, cuxa finalidade era desenvolver unha actividade de crítica

principal expoñente, porque intentará recuperarse o espírito de vangarda e actualidade que se truncou coa Guerra Civil e co exilio de grandes artistas do gravado coma Luís Seoane, ao tempo que os seus artistas queren achegarlle a arte ao pobo “para humanizar a arte e devolvela ao seu lexítimo dono”³. Nestes intres, quérese contribuír, dende o propio país, e xa non dende fóra, por mor do ostracismo franquista, á democratización da arte, á innovación e ao compromiso político cultural con Galicia.

Despois, a partir dos anos setenta, coas Bienais de Gravado de Pontevedra, logo a de Ourense, xunto con congresos, premios, creación de centros⁴, empresas, colectivos de artistas como o GrupOrzán⁵, obradoiros⁶, etc., consolídase plenamente ese rexurdir. Nas devanditas décadas, pódese ver que hai unha parte do gravado que se fai en Galicia e outra realizada por galegos no exterior, pero toda esa produción en conxunto ratifica o desenvolvemento e esplendor da obra gráfica orixinal e así o gravado chega ata hoxe como unha modalidade plástica de seu inserida dentro das distintas correntes artísticas contemporáneas.

Mención á parte, dentro do gravado, merece o libro ilustrado por artistas/gravadores dos que temos numerosos exemplos na propia biblioteca do MPL e que aproveitamos para salientar de entre o fondo bibliográfico galego para o seu coñecemento e goce, porque o mundo do gravado sempre tivo moita relación coa ilustración (tamén en revistas, carteis, xornais...) sobre todo a partir das primeiras décadas do s. XX.



Conde Corbal (1923-1999)

Como di V. Bozal “todo gravado é obra gráfica, pero non toda a obra gráfica é gravado”⁷.

No Museo Provincial de Lugo, contamos con abundante obra gráfica e na exposición permanente de arte galega hai, dende 2010, unha sección (salas 24, 25, 26, 27) dedicada a

..... clara e directa ao franquismo dende as artes plásticas, reuníanse grupos de gravadores que tiveron actividade entre 1959 e 1981. (Vid. De Haro García, M.; Grabadores contra el franquismo, CSIC, Biblioteca de Historia da Arte 17, Madrid 2010).

³ Programa de man da exposición 4.ª Mostra Estampa Popular Galega. Monforte de Lemos, agosto de 1968. O percorrido deste colectivo foi intenso pero moi curto: 1968-1970.

⁴ Como o Centro do Gravado Contemporáneo da Coruña a quen se asociaban as Euroamericanas de Grabado, realizadas nos anos 90 na Coruña.

⁵ Creado nos anos oitenta (1984-86) por Correa Corredoira, Pedro Muíño e Pepe Galán como unha alternativa ao mercado de difusión institucional e concibido como modelo de autoxestión.

⁶ Enrique Ortiz creou, en 1975, o Obradoiro da Sé, en Monforte de Lemos (Lugo), para potenciar o ensino práctico do gravado.

debuxo e gravado con dúas salas monográficas dedicadas a estes insignes gravadores galegos: Julio Prieto Nespereira e Manuel Castro Gil, ao pé da exposición dos debuxos de Castelao, que tamén foi un gravador consumado, tanto pola súa calidade artística como técnica postas ao servizo do compromiso sociocultural. Na sala 24 dispúxose unha colectiva de artistas galegos contemporáneos con obra gráfica como: Laxeiro, Souto, Maruja Mallo, Seoane, Bujados, Camilo Díaz Baliño...

Finalmente, sinalamos como colofón a estes breves e resumidos apuntamentos sobre o gravado a importancia do coleccionismo na obra gráfica⁷ e/ou das coleccións e doazóns de artistas que enriquecen museos⁸ como no caso de Enrique Mayer⁹, para o Museo de Pontevedra, ou o de Castro Gil e Prieto Nespereira no Museo de Lugo¹⁰. A obra en papel é moi axeitada para a formación e introdución ao coleccionismo, feito que non deixa de ser de interese para o fomento e aprecio xeral do noso patrimonio artístico. A estampa é, como di Michel Melot, un obxecto de colección xa dende o s. XVI, aínda que as finalidades dese coleccionismo varíen moito; é tamén, segundo o mesmo autor, unha arte da burguesía, agora xa xeneralizada, porque se converteu nun obxecto público/privado alcanzable e popular. Tamén quereamos relacionar esta colección particular co lema do “Día Internacional dos Museos 2014” sobre os vínculos creados polas coleccións dos museos.

No caso desta escolma expositiva, amosámoslle, temporalmente, ao público interesado na obra orixinal seriada, traballos de artistas galegos



Xavier Pousa (1931-2000)

consagrados que a través de distintas técnicas, estilos, temáticas e/ou xéneros nos leva coñecer a arte da estampa galega, no século XX, aproveitando a ocasión para poñelos en diálogo directo coas coleccións de debuxo e gravado do Museo Provincial de Lugo e para divulgar o noso patrimonio artístico.

Aurelia Balseiro García
Comisaria da exposición
Directora do MPL

.....
⁸ Xermolo de museos monográficos como o Museo do Gravado Español Contemporáneo, por parte de José Luis Morales y Marín.

⁹ Exemplos abundantes hai no Museo da Real Academia de Belas Artes de San Fernando en Madrid.

¹⁰ Gravador e acibecheiro santiagués.

¹¹ Tamén, a iniciativa de gravadores está detrás da creación de centros como os da Coruña e Betanzos, dirixidos por Doroteo Arnáiz e Jesús Núñez respectivamente.